Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal, (BOE 2.06.94).

Real decreto 417/2015, do 29 de maio, polo que se aproba o regulamento das empresas de traballo temporal, (BOE 20.06.15).

Real decreto legislativo 2/2015 do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE 24.10.15).

2) Transferencia

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 29.1º, recolle como competencia propia desta comunidade autónoma a execución da lexislación básica do Estado en materia laboral e, dentro da estrutura orgánica da Xunta de Galicia, a dita competencia está asignada á Consellería de Emprego e Igualdade, correspondendo o seu ámbito funcional á Secretaría Xeral de Emprego.

O Rexistro de empresas de traballo temporal, dependente da Subdirección Xeral de Relacións Laborais, realiza a inscrición e anotación rexistral destas, separando as de ámbito provincial das de ámbito autonómico. Tamén hai unha serie de obrigas de información á autoridade laboral por parte destas empresas que teñen que comunicar a relación de contratos de posta á disposición formalizados no mes anterior.

Igualmente, a empresa ten a obriga de comunicar á autoridade laboral, dentro dos quince días seguintes á súa produción, os seguintes actos:

- os cambios de titularidade e de domicilio da empresa.
- o cambio das persoas que exerzan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración en empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, indicando os seus datos identificativos.
- a apertura de novos centros de traballo.
- o cesamento da actividade como empresa de traballo temporal.

Todas estas funcións están adscritas á Dirección Xeral de Relacións Laborais.

A información referida aos contratos de posta á disposición e ás cesións de persoas traballadoras ás empresas usuarias procede das relacións de contratos de posta á disposición que achegan, mensualmente, á Dirección Xeral de Relacións Laborais as empresas de traballo temporal.

Denomínase empresa de traballo temporal a aquela na que a súa actividade fundamental consiste en pór á disposición doutra empresa (denominada usuaria), con carácter temporal, persoas traballadoras contratadas por ela. Poderán actuar, ademais, como axencias de colocación cando cumpran os requisitos establecidos na Lei 56/2003, de 16 de decembro, de Emprego, e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, poderán desenvolver actividades de formación para a cualificación profesional conforme a normativa específica de aplicación, así como de asesoramento e consultaría de recursos humanos.

O contrato de posta á disposición é o realizado entre a empresa de traballo temporal e as empresas usuarias, e ten por obxecto a cesión da persoa traballadora para prestar servizos na empresa usuaria. Este tipo de contratos pode realizarse nos mesmos supostos e baixo as mesmas condicións e requisitos en que a empresa usuaria podería realizar un contrato de duración determinada, conforme o disposto no artigo 15 do Estatuto dos traballadores.

Existen 4 modalidades de contratación:

Tipo 1: por realización de obra ou servizo determinado.

Tipo 2: eventual.

Tipo 3: interinidade.

Tipo 4: prácticas.

Tipo 5: formación e aprendizaxe

A información sobre cesións de persoas traballadoras recolle que se unha persoa traballadora foi cedida en máis dunha ocasión se computará por unha soa vez.

Variables de estudo

Contratos de posta á disposición realizados no ano 2021 nas empresas de traballo temporal autorizadas pola Dirección Xeral de Relacións Laborais e persoas traballadoras afectadas.

Variables de clasificación

Contratos de posta á disposición realizados nas empresas de traballo temporal autorizadas pola Dirección Xeral de Relacións Laborais, segundo a provincia ou provincias que figuran na listaxe de contratos.

Contratos de posta á disposición realizados nas empresas de traballo temporal autorizadas pola Dirección Xeral de Relacións Laborais. Evolución 2017-2021.


7.1 Contratos de posta á disposición realizados nas empresas autorizadas pola Autoridade Laboral de Galicia, segundo o ámbito de actuación e a modalidade de contratación.

Provincia	Causa do contrato					Totais
	Realización de obra ou servizo determinado	Eventual por circunstancias de produción	Interinidade por reserva de posto de traballo	Prácticas	Formación e aprendizaxe	
A Coruña	2.800	1.631	94	0	0	4.525
Lugo	121	102	2	1	0	226
Ourense	277	558	19	5	0	859
Pontevedra	8.497	5.409	267	0	8	14.181
Totais	11.695	7.700	382	6	8	19.791

7.2 Persoas traballadoras postas á disposición polas empresas de traballo temporal autorizadas pola Autoridade Laboral de Galicia, segundo o ámbito de actuación.

Provincia	Persoas traballadoras
A Coruña	3.521
Lugo	134
Ourense	537
Pontevedra	11.715
Totais	15.907

G 7.2 - Persoas traballadoras postas á disposición polas empresas de traballo temporal autorizadas pola Autoridade Laboral de Galicia, segundo ámbito de actuación.



8. Desprazamento transnacional de persoas traballadoras

Desprazamento transnacional de persoas traballadoras

Fontes e notas metodolóxicas

O obxectivo desta actividade estatística é o de obter información sobre os desprazamentos de persoas traballadoras doutros países á Comunidade Autónoma de Galicia ao abeiro da Lei 45/1999, do 29 de novembro, no marco dunha prestación transnacional.

As principais disposicións legais referidas a esta materia son as contidas na seguinte normativa de aplicación:

1) Xeral

Lei 45/1999, do 29 de novembro, sobre desprazamento de traballadores no marco dunha prestación transnacional (BOE n.º 286, do 30.11.1999).

Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción (BOE n.º 219, do 19.10.2006).

Real decreto 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción (BOE n.º 204, do 25.08.2007, CE-BOE n.º 219, do 12.09.2007).

2) Autonómica

Resolución do 9 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dá publicidade ao modelo de comunicación do desprazamento de traballadores e traballadoras no marco dunha prestación de servizos transnacional ao abeiro da Lei 45/1999, do 29 de novembro (DOG n.º 130, do 06.07.2009).

Orde do 15 de maio de 2008 pola que se crea o Rexistro de Empresas Acreditadas de Galicia para intervenir no proceso de contratación no sector da construción.

3) Transferencia

Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo (BOE 28.09.82; DOG 19.10.82).

Decreto 117/1982, do 5 de outubro, sobre asunción de transferencias en materia de traballo (DOG 19.10.82).

A información procede da explotación estatística-informática que efectúa a Subdirección Xeral de Relacións Laborais, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, para toda a Comunidade Autónoma de Galicia, tomando como fonte os datos recibidos a través do programa TRADES (<https://trades.xunta.es>) de comunicación telemática destes desprazamentos, así como, das comunicacións recibidas en papel e trasladadas ao referido programa. Esta información complétase cos datos recollidos do Rexistro de Empresas Acreditadas do Sector da Construción (REA) (<http://rea.mtin.gob.es/rea/>), en virtude da normativa que lle é de aplicación e pola que as empresas da construción que veñan a traballar a Galicia neste sector deben inscribirse de xeito telemático, indicando os/as traballadores/as que desprazan, cumprindo así o requisito exixido na Lei 45/1999.

En relación co REA resaltar que se refire a un só sector, aínda que moi importante neste tipo de desprazamentos, o da construción, pero só afecta a primeira vez que a empresa traballa na Comunidade Autónoma de Galicia, é dicir, cando se ten que inscribir no referido rexistro para poder intervenir nas obras de construción. Nas sucesivas ocasións que traslade persoal a Galicia deberá facer a comunicación do xeito habitual e figurarán no programa TRADES.

Para os efectos da Lei 45/1999, segundo o establecido no artigo 2.1 enténdese por:

1) Desprazamento no marco dunha prestación transnacional:

O efectuado a España, neste caso ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, polas empresas incluídas no ámbito de aplicación da lei durante un período limitado de tempo en calquera dos seguintes supostos:

- O desprazamento dunha persoa traballadora por conta e baixo a dirección da súa empresa en execución dun contrato realizado entre esta e a destinataria da prestación de servizos, que estea establecida ou exerza a súa actividade en España.

- O desprazamento dunha persoa traballadora a un centro de traballo da propia empresa ou doutra empresa do grupo do que forme parte.

Para os efectos do parágrafo anterior, enténdese por grupo de empresas o formado por unha empresa que exerce o control e as empresas controladas nos termos do art. 4 da Lei 10/1997, do 24 de abril, sobre dereitos da información e consulta dos/as traballadores/as nas empresas e grupos de empresas de dimensión comunitaria.

- O desprazamento dun/ha traballador/a por parte dunha empresa de traballo temporal (ETT) para a súa posta á disposición dunha empresa usuaria que estea establecida ou que exerza a súa actividade en España.

Nos dous primeiros casos non será necesaria a comunicación de desprazamento transnacional cando a duración deste desprazamento non supere os oito días, non obstante, no caso das ETT deberán comunicalo sempre, aínda que non supere ese tempo.

2) Traballador/a desprazado/a:

A persoa traballadora, calquera que sexa a súa nacionalidade, das empresas incluídas no ámbito de aplicación da Lei 45/1999, desprazada a España, neste caso á Comunidade Autónoma de Galicia, durante un período limitado de tempo no marco dunha prestación de servizos transnacional, sempre que exista unha relación laboral entre tales empresas e a persoa traballadora durante o período de desprazamento.

Para os efectos das definicións anteriores, enténdese incluída a persoa traballadora dunha empresa de traballo temporal posta á disposición dunha empresa usuaria no estranxeiro e desprazada temporalmente por esta a España no marco dunha prestación de servizos transnacional.

Variables de estudo

Segundo o artigo 5.2 da referida Lei 45/1999, a comunicación de desprazamento conterá os datos e informacións seguintes:

- A identificación da empresa que despraza á persoa traballadora.

- O domicilio fiscal da dita empresa e o seu número de identificación para efectos do imposto sobre o valor engadido.
- Os datos persoais e profesionais das persoas traballadoras desprazadas.
- A identificación da empresa ou empresas e do centro ou centros de traballo onde as persoas desprazadas prestasen os seus servizos.
- A data de inicio e duración previstas do desprazamento.
- A determinación da prestación de servizos que as persoas desprazadas van a desenvolver en España, neste caso no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, con indicación do suposto que corresponda dos previstos no artigo 2.1.1.

NOTA: estes datos son os que figuran na solicitude que se pon ao dispor das empresas de xeito telemático (<https://trades.xunta.es>)

Variables de clasificación

Para poder explotar os datos debemos ter en conta que o programa REA non está deseñado para ofrecer toda a información que nos ofrece TRADES, por este motivo, para efectos de poder unificar os datos resultantes, algunhas das variables obtéñense dun ou doutro programa ou dos dous, segundo se especifica.


- Desprazamentos efectuados (REA e TRADES).
Refírese ao número de comunicacións e, polo tanto, ao número de veces que as empresas desprazan traballadores/as a Galicia, aínda que sexan da mesma empresa. Nesta variable se poderá ofrecer a nacionalidade das empresas desprazadas.
- Persoas traballadoras desprazadas (REA e TRADES)
Esta variable inclúe o número, distribución provincial e nacionalidade.
- Tempo de desprazamento (TRADES)
Esta variable só se pode recoller do programa TRADES, xa que no REA non se especifica. Non obstante, ao ser o REA exclusivamente dun sector e só para a primeira vez de comunicación da empresa en cuestión, os datos de tempo non distorsionan a estatística. Esta variable pódese ofrecer en días e como media.

8.1 Número de persoas traballadoras desprazadas por provincia, especificando a fonte REA ou TRADES.

Fonte	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Totais
REA*	114	42	18	241	415
TRADES**	862	213	118	1.207	2.400
TOTAIS	976	255	136	1.448	2.815


* REA: Rexistro de Empresas Acreditadas do sector da construción.

** TRADES: Rexistro de desprazamento transnacional de traballadores.


G 8.1 -Número de persoas traballadoras desprazadas por provincia, especificando a fonte REA ou TRADES.

8.2 Número de persoas traballadoras desprazadas, por nacionalidade, desagregadas por provincias – especificando fonte REA ou TRADES.

Fonte	Orixe	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
REA	EEUU		1			1
	Portugal	27	7	6	58	98
TOTAIS REA		27	8	6	58	99



Fonte	Orixe	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
TRADES	Alemaña	24	5	0	21	50
	Austria	13	0	0	2	15
	Brasil	12	0	0	0	12
	Bulgaria	5	0	0	0	5
	Dinamarca	7	3	0	0	10
	Eslovenia	1	0	0	0	1
	España	15	2	2	14	33
	Finlandia	0	0	0	1	1
	Francia	4	0	0	4	8
	Grecia	0	0	0	31	31
	Italia	27	6	5	13	51
	Lituania	0	26	0	1	27
	Noruega	0	0	0	1	1
	Países Baixos	5	0	0	15	20
	Polonia	8	0	0	0	8
	Portugal	719	129	110	1.104	2.062
	Rumanía	20	42	0	0	62
	Suecia	0	0	1	0	1
Suíza	1	0	0	0	1	
Outros	1	0	0	0	1	
TOTAIS TRADES		862	213	118	1.207	2.400



TOTAL REA + TRADES	888	221	97	1.265	2.499
---------------------------	------------	------------	-----------	--------------	--------------


8.3 Media de persoas traballadoras desprazadas polas empresas, desagregada por provincias, fonte TRADES.

A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	MEDIA
2,30	3,33	2,23	1,93	2,45

8.4 Número total de días de desprazamento, por provincia, fonte TRADES.

A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
54.607	6.498	7.720	93.573	162.398

G 8.4 Número total de días de desprazamento, por provincia, fonte TRADES.




8.5 Duración media do desprazamento, en días, por provincia, fonte TRADES.


A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	MEDIA
145,62	101,53	145,66	149,72	145,39

8.6 Número de inscricións/renovacións de empresas, por nacionalidades, por provincia, especificando fonte REA ou TRADES.

Fonte	Orixe	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
REA	EEUU		1			1
	Portugal	27	7	6	58	98
TOTAIS REA		27	8	6	58	99



Fonte	Orixe	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
TRADES	Alemaña	23	3	0	20	46
	Austria	12	0	0	2	14
	Brasil	1	0	0	0	1
	Bulgaria	2	0	0	0	2
	Bélxica	0	0	0	0	0
	Dinamarca	4	2	0	0	6
	Eslovenia	1	0	0	0	1
	España	3	2	1	8	14
	Finlandia	0	0	0	1	1
	Francia	2	0	0	1	3
	Grecia	0	0	0	7	7
	Italia	22	3	4	7	36
	Lituania	0	7	0	1	8
	México	0	0	0	0	0
	Noruega	0	0	0	1	1
	Outros	1	0	0	0	1
	Países Baixos	2	0	0	1	3
	Polonia	2	0	0	0	2
	Portugal	285	38	47	576	946
	Reino Unido	0	0	0	0	0
Rumania	14	9	0	0	23	
Suecia	0	0	1	0	1	
Suiza	1	0	0	0	1	
TOTAIS TRADES		375	64	53	625	1.117



TOTAL REA + TRADES	366	122	80	508	1.076
---------------------------	------------	------------	-----------	------------	--------------

9. Infraccións e sancións na orde social

Infraccións e sancións na orde social

Fontes e notas metodolóxicas

O obxecto de investigación estatística deste apartado é o de ter información sobre as actas de infracción levantadas pola Inspección de Traballo e Seguridade Social en Galicia, e tómase como período de referencia o ano 2021.

As principais disposicións legais referidas a esta materia son as recollidas na seguinte normativa de aplicación:

1) Xeral

Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (BOE 10.11.95).

Lei 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais (BOE 13.12.03).

Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social (BOE 11.10.2011)

Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (BOE 24.10.2015).

Lei 23/2015, do 21 de xullo, Ordenadora do Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social (BOE 22.11.15).

Real decreto 928/1998 polo que se aproba o Regulamento xeral sobre os procedementos para a imposición de sancións por infraccións da orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social (BOE 03.06.98), modificado polo Real decreto 772/2011 (BOE 21.06.11).

Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social (BOE 08.08.00).

Real decreto 689/2005, polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, (BOE 23.06.05) aprobado polo Real Decreto 138/2000, de 4 de febreiro (BOE 16.02.00).

Real decreto 689/2006, do 10 de xuño, polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social e o Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións na orde social, para regular a actuación dos técnicos habilitados en materia de prevención de riscos laborais (BOE do 23.06.05; CE BOE do 17.10.05).

Real decreto 306/2007, do 2 de marzo, polo que se actualizan as contías das sancións establecidas no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto (BOE 19.03.07).

Real decreto 597/2007, do 4 de maio, sobre a publicación das sancións por infraccións moi graves en materia de prevención de riscos laborais (BOE 05.05.07).

2) Transferencia

Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo (BOE 28.09.82; DOG 19.10.82).

Decreto 117/1982, do 5 de outubro, sobre asunción de transferencias en materia de traballo (DOG 19.10.82).

3) Normativa autonómica

O Estatuto de autonomía de Galicia establece, no seu artigo 29.1º, que lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, competencias e servizos que, neste eido e no ámbito de execución, lle corresponden ao Estado con respecto ás relacións laborais, sen prexuízo da alta inspección deste.

De acordo co anterior, polo Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, transfíreselle á Xunta de Galicia a potestade sancionadora por infraccións na orde social, na actualidade asignada á Consellería de Emprego e Igualdade.

Orde do 22 de maio de 1987, pola que se determina o procedemento que se ten que seguir na recadación, en período voluntario e executivo, de multas e sancións (DOG 03.07.87).

Así mesmo, a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, ditada en uso da competencia exclusiva establecida no artigo 28.7 do Estatuto de autonomía de Galicia, regula, no seu artigo 139, o réxime de infraccións e sancións en materia de sociedades cooperativas.

O artigo 34.7º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, segundo redacción dada polo artigo 30 da Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo, permite a atribución regulamentaria da competencia para resolver os recursos administrativos promovidos contra as resolucións das entidades ou organismos da consellería a outros órganos distintos do seu titular.

O Decreto 70/2008, do 27 de marzo, establece a distribución de competencias entre os órganos da Administración autonómica galega para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector (DOG 15.04.08).

Co fin de executar e desenvolver determinados aspectos do Real decreto 597/2007 ditouse a Orde do 30 de xullo de 2008, que ten por obxecto fixar a competencia, o procedemento e os medios para facer públicas as sancións que por infraccións moi graves en materia de prevención de riscos laborais impoñan os órganos competentes no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e a creación do correspondente rexistro (DOG 07.08.08).

Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade (DOG 253 do 17.12.20), que, pola súa vez, debe ser posto en relación co Decreto 146/2016, do 14 de novembro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e que conforme a súa disposición transitoria primeira mantén os órganos superiores e de dirección existentes coa mesma estrutura e funcións mentres non se proceda ao desenvolvemento do citado decreto e co Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia, encomenda á Secretaría Xeral de Emprego a dirección, coor-

dinación, control e execución das competencias da comunidade autónoma en materia laboral, seguridade e saúde laboral, responsabilidade social empresarial, cooperativas e entidades de economía social e, en concreto, o exercicio de funcións en materia de lexislación laboral e en prevención de riscos laborais, e todas aquelas que como autoridade laboral debe desenvolver en virtude das competencias que lle corresponden á Consellería.

Tamén lle encomenda á persoa titular da secretaría xeral, no ámbito das súas competencias, o coñecemento e a resolución dos recursos de alzada interpostos contra as resolucións ditadas polos órganos territoriais no seu respectivo ámbito.

En virtude do exposto anteriormente o coñecemento das infraccións nas materias laborais e de prevención de riscos laborais e por obstrución ao labor inspector no ámbito competencial substantivo da Comunidade Autónoma de Galicia corresponde-lle á Consellería de Emprego e Igualdade, en virtude de acta levantada pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, e mediante a tramitación do correspondente expediente.

A competencia para sancionar por infraccións en materia laboral e obstrución á actividade inspectora corresponderalles:

- a) Ás persoas titulares dos departamentos territoriais da Consellería de Emprego e Igualdade, ata 12.500 euros.
- b) Á persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, de 12.501 euros ata 62.500 euros.
- c) Á persoa titular da Consellería de Emprego e Igualdade, de 62.501 euros ata 125.000 euros.
- d) Ao Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da Consellería de Emprego e Igualdade, de 125.001 euros ata 187.515 euros.

A competencia para sancionar por infraccións en materia de prevención de riscos laborais corresponderalles:

- a) Ás persoas titulares dos departamentos territoriais da Consellería de Emprego e Igualdade, ata 40.985 euros.
- b) Á persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, de 40.986 euros ata 123.000 euros.
- c) Á persoa titular da Consellería de Emprego e Igualdade, de 123.001 euros ata 409.900 euros.

d) Ao Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da Consellería de Emprego e Igualdade, de 409.901 euros ata 819.780 euros.

A competencia para sancionar por infraccións en materia de cooperativas, de conformidade co disposto no artigo 139.5º da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, corresponde-lles:

- a) Ás persoas titulares dos departamentos territoriais da Consellería de Emprego e Igualdade ata 6.010,12 euros, cando a cooperativa figure inscrita nos correspondentes rexistros provinciais.
- b) Á persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, ata 18.030,36 euros.
- c) Á persoa titular da Consellería de Emprego e Igualdade, ata 30.050,61 euros.

Para a determinación do órgano competente para a imposición das sancións correspondentes terase en conta, en cada caso, a contía proposta pola Inspección de Traballo e Seguridade Social a través da acta levantada para o efecto.

Nos supostos de pluralidade de infraccións correspondentes á mesma materia nun único expediente sancionador, será órgano competente para impoñer a sanción pola totalidade das devanditas infraccións o que o sexa para impoñer a de maior contía.

Na suspensión de actividades de empresas de traballo temporal será competente para resolver a persoa titular da Consellería de Emprego e Igualdade, nos supostos de reincidencia da empresa de traballo temporal na comisión de infraccións tipificadas como moi graves, no artigo 18 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, cando o expediente sancionador leve aparelada a proposta de suspensión de actividades, conforme ao previsto no artigo 41.3º da mesma norma.

O Consello da Xunta de Galicia, cando concorran circunstancias de especial gravidade nas infraccións en materia de seguridade e saúde no traballo, poderá acordar a suspensión das actividades laborais por un tempo determinado ou, no caso extremo, o peche do centro de traballo correspondente, sen prexuízo, en todo caso, do pagamento

do salario ou das indemnizacións que procedan e das medidas que se poidan arbitrar para a súa garantía, de acordo co establecido no artigo 53 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

As resolucións ditadas polos órganos territoriais da Consellería de Emprego e Igualdade poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

As resolucións ditadas pola persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Emprego e Igualdade.

4) Convenios

Convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Inmigración e a Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Sancións e demais actuacións públicas en materia laboral

O procedemento sancionador está regulado a través do Real decreto 928/1998, do 14 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións da orde social recollidas, modificado polo Real Decreto 772/2011, do 3 de xuño, a súa vez, no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Este procedemento iníciase en virtude de acta de infracción ou obstrución levantada pola Inspección de Traballo e Seguridade Social de oficio, por propia iniciativa, mediante denuncia ou a instancia de persoa interesada.

Os departamentos territoriais da Consellería de Emprego e Industria, levan a cabo a tramitación e control directo da recadación de multas impostas dentro do seu ámbito territorial. Fan un recuento das ingresadas no período voluntario e as non ingresadas no dito período remítenas á Consellería de Facenda, para o inicio da vía executiva. Tamén, mensualmente, achegan á Dirección Xeral de Relacións Laborais os datos dos expedientes iniciados e resoltos así como os resultados da recadación de multas.

Nos servizos centrais lévase a cabo a tramitación e control directo da recadación de multas impostas dentro do seu ámbito de competencia, recóllense igualmente os datos dos expedientes iniciados e resoltos en instancia pola propia Dirección Xeral de Relacións Laborais así como en vía de recurso e na vía contencioso administrativa.

Esta dirección xeral fai un seguimento mensual da situación da recadación O ámbito territorial ten como extensión a Comunidade Autónoma de Galicia, tendo o máximo nivel de desagregación nas provincias.

O ámbito poboacional comprende aos traballadores e empresas da Comunidade Autónoma de Galicia. As unidades informantes son os departamentos territoriais da Consellería de Emprego e Igualdade.

Variables de estudo

Expedientes iniciados e resoltos en primeira instancia diante dos departamentos territoriais e expedientes iniciados e resoltos nos servizos centrais, tanto en primeira instancia como en vía de recurso.

Variables de clasificación

Ámbito territorial, materia, tipo de infracción e grao de sanción, órgano competente para resolver e contía das sancións.

Os datos achegados neste capítulo reflicten os resultados do ano 2021, segundo:


- Expedientes iniciados en primeira instancia diante dos departamentos territoriais da Consellería de Emprego e Igualdade, con indicación do número de expedientes e da contía das sancións e datos relativos ao tipo, grao e materia da sanción.
- Expedientes resoltos en primeira instancia, con independencia de quen sexa a autoridade laboral competente para resolver “departamentos territoriais, dirección xeral, conselleira ou Consello da Xunta (no sucesivo, DT/SX/C/CX)”, segundo tipo, grao, materia da sanción e contía total das multas impostas, con independencia do ano da súa iniciación.
- Expedientes iniciados nos servizos centrais, tanto en 1ª instancia como en vía de recurso e expedientes resoltos nos servizos centrais, tanto en 1ª instancia como en vía de recurso, formulados en anos anteriores, con indicación do ámbito provincial onde tivo lugar a infracción ou onde se ditou a resolución de instancia.
- Total de expedientes iniciados e resoltos nos servizos centrais, tanto en primeira instancia como en vía de recurso. Ano 2021.

No cómputo do número de expedientes, tanto dos iniciados como dos resoltos, cada expediente pode conter máis dunha infracción da mesma ou diferente materia e do mesmo ou diferente tipo e grao, e computaranse como un só expediente.

9.1 Expedientes de sancións iniciados en primeira instancia nas xefaturas territoriais da Consellería de Emprego e Igualdade, con indicación do número total de expedientes, contía das sancións, materia, tipo de infracción e grao de sanción

Provincia	N.º expedientes	Contía das sancións
A Coruña	471	1.606.697,00 €
Lugo	116	549.992,00 €
Ourense	148	358.984,00 €
Pontevedra	391	1.138.331,00 €
Totais	1.126	3.654.004,00 €

G 9.1 -Distribución provincial coa porcentaxe dos expedientes de sancións iniciados en primeira instancia nas xefaturas territoriais da Consellería de Emprego e Igualdade.



Sancións en materia de relacións laborais.

Provincia	Relacións Laborais					
	Infraccións			Grao de sanción		
	Moi grave	Grave	Leve	Máximo	Medio	Mínimo
A Coruña	10	238	7	19	63	173
Lugo	4	49	1	5	7	42
Ourense	4	109	0	5	6	102
Pontevedra	23	201	4	20	30	178
Totais	41	597	12	49	106	495


Sancións en materia de seguridade e saúde laboral.

Provincia	Seguridade e saúde laboral					
	Infraccións			Grao de sanción		
	Moi grave	Grave	Leve	Máximo	Medio	Mínimo
A Coruña	0	280	19	11	41	247
Lugo	0	89	0	4	11	74
Ourense	0	46	0	3	5	38
Pontevedra	0	199	9	2	21	185
Totais	0	614	28	20	78	544

9.2 Expedientes resoltos en primeira instancia, segundo o órgano competente e o seu ámbito territorial, con indicación do número total de expedientes, contía das sancións, materia, tipo de infracción e grao de sanción.

Competencia	N.º de expts.	Contía das sancións
A Coruña	451	1.279.775,40 €
Lugo	109	332.070,40 €
Ourense	218	231.480,00 €
Pontevedra	452	834.762,60 €
Secretaría Xeral Técnica	18	499.065,00 €
Conselleira/o	1	100.000,00 €
Consello Xunta	0	- €
Totais	1.249	3.277.153,40 €

G 9.2 -Distribución dos expedientes resoltos en primeira instancia, segundo o órgano competente e o seu ámbito territorial.



En materia de relacións laborais.

Competencia	Relacións Laborais					
	Infraccións			Grao de sanción		
	Moi grave	Grave	Leve	Máximo	Medio	Mínimo
A Coruña	11	224	4	15	63	161
Lugo	7	52	1	5	8	47
Ourense	4	186	0	5	6	179
Pontevedra	22	224	3	26	29	194
Secretaría Xeral Técnica	8	0	0	2	6	0
Conselleira/o	1	0	0	0	1	0
Consello Xunta	0	0	0	0	0	0
Totais	53	686	8	53	113	581

En materia de seguridade e saúde laboral.

Competencia	Seguridade e saúde laboral					
	Infraccións			Grao de sanción		
	Moi grave	Grave	Leve	Máximo	Medio	Mínimo
A Coruña	0	275	16	10	40	241
Lugo	0	71	0	3	8	60
Ourense	0	37	0	0	3	34
Pontevedra	0	245	10	6	19	230
Secretaría Xeral Técnica	10	0	0	0	5	5
Conselleira/o	0	0	0	0	0	0
Consello Xunta	0	0	0	0	0	0
Totais	10	628	26	19	75	570

9.3 Expedientes iniciados e resoltos nos servizos centrais, tanto en primeira instancia como en vía de recurso, correspondentes aos formulados nos anos anteriores, con indicación do ámbito provincial onde tivo lugar a infracción ou onde se ditou resolución de instancia, procedemento e materia.

RASX Recurso de alzada secretaria xeral
 ISX 1.ª instancia secretaria xeral
 RAC Recurso alzada conselleiro
 IC 1.ª instancia conselleiro
 Rep. Recurso de reposición
 Rev. Recurso de revisión

Expedientes iniciados nos servizos centrais da Consellería de Emprego e Igualdade.

N.º expts.	PROVINCIA				PROCEDEMENTO					MATERIA	
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	RA DX	I DX	RAC	IC	CX	Relacións Laborais	Seguridade e saúde laboral
175	80	26	8	61	167	8	1	0	0	80	96


Expedientes resoltos nos servizos centrais da Consellería de Emprego e Igualdade, tanto en 1ª instancia como en vía de recurso.

N.º expts.	PROVINCIA				PROCEDEMENTO					MATERIA	
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	RA DX	I DX	RAC	IC	CX	Relacións Laborais	Seguridade e saúde laboral
476	255	49	28	144	457	18	1	0	0	205	271


9.4 Total de expedientes iniciados e resolto nos servizos centrais, tanto en primeira instancia como en vía de recurso, correspondentes aos formulados nos anos anteriores, con indicación do ámbito provincial onde tivo lugar a infracción ou onde se ditou a resolución de instancia do procedemento.

Provincia	Iniciados	Resolto
A Coruña	81	255
Lugo	26	49
Ourense	8	28
Pontevedra	61	144
Totais	176	476

G 9.4 -Total de expedientes iniciados e resolto nos servizos centrais, tanto en primeira instancia como en vía de recurso, correspondentes aos formulados nos anos anteriores, con indicación do ámbito provincial onde tivo lugar a infracción ou onde se ditou a resolución de instancia do procedemento.



Procedemento	Iniciados	Resolto
Recurso de alzada	167	451
Instancia Secretaría Xeral Técnica	8	18
Instancia conselleira/o	0	1
Recurso de alzada conselleira/o	1	6
Instancia Consello Xunta	0	0
Recurso de revisión	0	0
Recurso de reposición	0	0
Totais	176	476





XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22